



A Eira

S. Coop. Galega

Educación · Proxectos sociais ·
Comunicación dixital

Conectamos persoas, comunidade
e territorio a través de proxectos
con alma.

 Costa da Morte

 info@anosaeira.es |  www.anosaeira.es

 686 812 315





Benvido/a á nosa eira

Somos unha cooperativa de traballo asociado creada na **Costa da Morte** con ganas de facer as cousas doutra maneira. Creamos este proxecto para poñer as nosas mans e a nosa experiencia **ao servizo da comunidade, das persoas e do territorio**.

En A Eira cremos que cada persoa conta, que cada identidade merece ser recoñecida e que cada lugar ten algo valioso que aportar. Por iso **deseñamos proxectos educativos, sociais e dixitais** con alma, con profesionalidade e coidado, desde a escoita e a verdade.



A Eira é no rural galego o lugar onde pasa todo, onde se xoga e se fan festas, tamén onde se traballa conxuntamente coa comunidade e se saúda ao veciño; é dicir, o lugar onde se produce a socialización e o traballo colaborativo dunha comunidade.

A Eira foi creada en decembro de 2024, pero **vimos de moito antes**: de anos de traballo no ámbito educativo, social e dixital; de soñar e facer con outras persoas e proxectos; de crear rede no territorio.

Quen vimos sendo....



Carina- Educación e proxectos

Educadora Social e Psicopedagoga con ampla experiencia en intervención con persoas con diversidade funcional, infancia, adolescencia e familias. Conta con formación e experiencia en coordinación de entidades de servizos sociais, xestión da calidade (ISO 9001), comunicación externa e formación en temáticas educativas e sociais.

Oscar- diseño web e multimedia

Profesional do deseño web con máis de 14 anos de experiencia. Fundador de 1Pixel, especializado en WordPress, e-commerce e solucións dixitais personalizadas. Traballou en proxectos como Traballar na Costa, e participou en blogs, redes e iniciativas dixitais ligadas ao territorio, sempre con enfoque humano e directo.



Os nosos proxectos na Costa da Morte

Estes proxectos previos foron fundamentais na nosa formación e experiencia, permitíndonos coñecer en profundidade as necesidades do territorio e desenvolver metodoloxías de traballo efectivas e adaptadas ao contexto rural galego.



Recompilación e difusión de ofertas de emprego locais, dende 2011.

Deseño e mantemento web con máis dunha década de traxectoria no territorio.



Rede con recopilación de empresas da Costa da Morte.

Plataforma de recursos educativos en galego, coa mirada posta na Costa da Morte



Obxectivos e filosofía

Traballamos para transformar a realidade social dende o rural, xerando oportunidades e promovendo o desenvolvemento persoal, colectivo e territorial.



Humanismo e compromiso

Intervencións centradas na persoa, recoñecendo a súa individualidade e potencialidades. Traballamos desde o respecto á diversidade e o compromiso coa mellora da calidade de vida das persoas.



Territorio e raíz

Apoio decidido ao rural galego, valorando os seus recursos e potencialidades. Creamos no desenvolvemento local como motor de cambio e na importancia de crear oportunidades no territorio.



Vocación e profesionalidade

Experiencia, profesionalidade e vocación. Aplicamos metodoloxías contrastadas e adaptadas ás necesidades específicas de cada proxecto, garantindo resultados de calidade.



Proxectos con alma

Creamos dende a verdade, co que somos e co que cremos. Cada proxecto reflicte os nosos valores e a nosa visión, aportando unha dimensión humana e auténtica ao noso traballo.

A nosa filosofía baséase na convicción de que o rural galego ten un enorme potencial que debe ser recoñecido e potenciado. Creamos que cada persoa e cada lugar teñen algo valioso que aportar, e traballamos para facilitar ese recoñecemento e desenvolvemento. O noso compromiso co territorio, coa lingua galega e coas persoas que o habitan é o motor que impulsa todos os nosos proxectos.

Liñas de traballo: Educación e acompañamento psicopedagóxico

A nosa primeira liña de traballo céntrase no **ámbito educativo e psicopedagóxico**, ofrecendo servizos personalizados e adaptados ás necesidades de cada persoa, familia ou entidade. Traballamos desde unha **perspectiva integral**, atendendo tanto aos aspectos **cognitivos** como aos **emocionais e sociais**.

A nosa metodoloxía baséase no recoñecemento das potencialidades de cada persoa e na **adaptación das intervencións** ao seu contexto específico. Cremos na importancia da prevención e da educación como ferramentas de transformación social.



Diagnóstico e intervención individualizadas

Avaliación psicopedagóxica e deseño de plans de intervención adaptados ás necesidades específicas de cada persoa.



Orientación educativa, vocacional e profesional

Acompañamento no proceso de elección académica e profesional, descubriendo intereses, fortalezas e facilitando a toma de decisións.



Estimulación cognitiva para persoas maiores

Actividades e exercicios adaptados para manter e mellorar as capacidades cognitivas na terceira idade.



Educación emocional, afectivo-sexual, novas tecnoloxías...

Programas formativos para desenvolver competencias emocionais e promover relacións saudables.



Descarga o **dossier de formación** en anosaeira.es/educa

Ofrecemos **intervención con infancia, adolescencia e adultos, orientación** educativa e laboral, **formación para familias e docentes, e obradoiros en centros educativos**. O noso obxectivo é proporcionar ferramentas que melloren a calidade de vida das persoas e faciliten o seu desenvolvemento persoal e social.

Liñas de traballo: creación de espazos dixiais con alma



Deseño e desenvolvemento de páxinas web

Creamos espazos dixiais personalizados que reflicten a identidade e os valores de cada proxecto. Traballamos principalmente con WordPress, adaptando cada web ás necesidades específicas do cliente.



Mantemento técnico e actualización

Garantimos o correcto funcionamento das páxinas web, realizando actualizacións periódicas e resolvendo incidencias técnicas. Ofrecemos servizos de mantemento adaptados a cada proxecto.



Xestión de redes sociais

Deseñamos e implementamos estratexias de comunicación en redes sociais, creando contidos de calidade e adaptados ao público obxectivo de cada proxecto.



Acompañamento á dixitalización

Asesoramos e acompañamos a empresas, entidades e persoas no proceso de dixitalización, ofrecendo solucións adaptadas ás súas necesidades.



A nosa segunda liña de traballo céntrase na **creación de espazos dixiais con alma**, é dicir, proxectos dixiais que van máis alá do aspecto técnico e que reflicten a identidade e os valores de cada persoa ou entidade. Con **máis de 14 anos de experiencia** no sector, ofrecemos **solucións personalizadas e sen intermediarios**, garantindo un **trato directo** e unha **atención personalizada**.

Cremos que a dixitalización debe estar ao servizo das persoas e do territorio, e por iso traballamos para crear **proxectos dixiais accesibles, funcionais e con identidade propia**. O noso obxectivo é facilitar a presenza dixital de empresas, entidades e persoas do rural galego, contribuíndo así ao seu **desenvolvemento e visibilidade**.

Liña de traballo: Proxectos sociais e educativos para o desenvolvemento local

A nosa terceira liña de traballo céntrase no deseño e execución de proxectos sociais e educativos que contribúan ao desenvolvemento local. Traballamos con **entidades públicas, asociacións e outras entidades** públicas e privadas para crear e implementar proxectos que respondan ás necesidades específicas do territorio e das persoas que o habitan.

Proxectos financiados por subvencións

Deseñamos, redactamos e executamos proxectos financiados por diferentes liñas de subvencións, adaptándoos ás necesidades específicas de cada entidade e territorio.

Intervencións en igualdade, convivencia, inclusión

Desenvolvemos programas e actividades orientadas a promover a igualdade de xénero, a convivencia intercultural e a inclusión social de colectivos vulnerables.

Actividades para concellos, centros e asociacións


Deseñamos e implementamos actividades educativas, culturais e sociais adaptadas ás necesidades e características de cada entidade.

Dinamización comunitaria

Promovemos a participación cidadá e o desenvolvemento comunitario a través de metodoloxías participativas e adaptadas ao contexto local.

Edición de materiais educativos

Creamos e editamos materiais didácticos, guías, manuais e outros recursos educativos e culturais, principalmente en galego, como as nosas coñecidas **AXENDAS ESCOLARES GALEGAS PERSONALIZABLES**.



Podes ver imaxes e mercaleas en anosaeira.es/tienda

O noso obxectivo é contribuír á **transformación social desde o rural**, xerando oportunidades e promovendo o **desenvolvemento persoal, colectivo e territorial**. Cremos no potencial do rural galego e traballamos para potencialo, creando proxectos que respondan ás súas necesidades específicas e que valoricen os seus recursos e potencialidades.

Servizos para entidades públicas e sociais

En a eira ofrecemos unha ampla gama de servizos para entidades públicas e sociais, adaptados ás **necesidades específicas de cada organización**. A nosa experiencia no sector e o noso coñecemento do territorio permítenos deseñar e implementar proxectos efectivos e de calidade.

Traballamos con concellos, asociacións, centros educativos e outras entidades, ofrecendo **solucións integrais** que combinan os **ámbitos educativo, social e dixital**. O noso enfoque baséase na colaboración e na adaptación ás características e necesidades de cada entidade.

● Deseño e execución de proxectos

Desenvolvemos proxectos sociais, educativos e culturais adaptados ás necesidades específicas de cada entidade e territorio.

● Formación para profesionais, familias e público xeral.

Impartimos cursos, obradoiros e charlas sobre diversas temáticas educativas e sociais.

● Actividades de sensibilización

Deseñamos e implementamos campañas e actividades de sensibilización sobre diversas temáticas sociais.

● Materiais para campañas sociais

Creamos materiais informativos, didácticos e de sensibilización para campañas sociais.

● Apoio na elaboración de proxectos para subvencións

Asesoramos e apoiamos na redacción de proxectos para diferentes liñas de subvencións.

Isto é o que nos diferencia...

- Compromiso co territorio
- Enfoque integral (educativo, social, dixital)
- Trato directo sen intermediarios
- Proxectos personalizados e con alma
- Uso do galego como lingua de traballo
- Experiencia contrastada

O que din de nós e contacto

“

"Contactamos con A Eira para desenvolver un proxecto social no noso Concello e foi un acerto total."

”

“

"A miña filla necesitaba apoio educativo e as notas melloraron. Agora vai contenta á escola."

”

“

"As axendas que deseñaron para o noso centro son funcionais, en galego, co noso calendario escolar, técnicas de estudo, traballo emocional e planificación."

”

“

"Encargamos a web da nosa empresa e rematamos cun proxecto que nos representa de verdade."

”

Contacta con a eira s. coop. galega



Web: anosaeira.es



Instagram: @anosaeira



info@anosaeira.es



Facebook: a eira s. coop

Descarga o **dossier de formación** en anosaeira.es/educa



Carina (educa e proxectos)



686 812 315



Óscar (web e redes)



659 464 345



Vivimos e traballamos na Costa da Morte.



A Eira

S. Coop. Galega

Educación · Proxectos sociais ·
Comunicación dixital

Conectamos persoas,
comunidade e territorio a
través de proxectos con alma.

 Costa da Morte

 info@anosaeira.es |  www.anosaeira.es

 686 812 315

